



## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

RESOLUCIÓN. Aprobación lista provisional persoas admitidas selección albanel PIL.

Visto a Resolución da Alcaldía 386/2019, de data 9 de maio de 2019, pola que se aproban as bases da convocatoria para a selección de persoal ao abeiro do Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña, para a provisión dunha praza de albanel, durante un período de seis meses, ao 75% da xornada completa, mediante contrato laboral por obra ou servizo determinado.

Visto o anuncio de convocatoria para a provisión das devanditas prazas, publicado no BOP Coruña nº 92, de data 16 de maio de 2019.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, vistas as instancias presentadas e os requisitos esixidos, de acordo co disposto nas bases da convocatoria e as atribucións que me outorga o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e disposicións concordantes,

**RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas que a seguir se detallan para a selección das prazas de peóns:

Apelidos e nome	D.N.I.	Admitido/a	Motivo exclusión
Alves Maía, Paulo Manuel	*****087-A	Si	-
Gabeiras Calvo, José	*****929-E	Si	-
Rey Fachal, Nicolás	*****084-R	Si	-
Rivera Vázquez, José Ramón	*****535-P	Si	-

Segundo. Ordenar a publicación da presente Resolución no Taboleiro de Edictos do Concello, sede electrónica e páxina web municipal.

Terceiro. Outorgar un prazo de dous (2) días hábiles, a contar dende a publicación desta Resolución para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, segundo o establecido no punto 7 das bases da convocatoria.

No caso de presentar as reclamacións e/ou alegacións nun lugar distinto ao Rexistro Xeral do Concello de Cabanas, deberán enviar copia da alegación presentada e da documentación adxunta á dirección de correo electrónico [registro@cabanas.gal](mailto:registro@cabanas.gal), no mesmo prazo outorgado para a presentación de alegacións.

O acorda e asina dixitalmente o Sr. Alcalde, Manuel González López, en Cabanas, na data que consta á marxe, do que eu, Antonio López Vila, como Secretario, dou fe.